

**ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ARRANXO URBANIZACIÓN DO PM5-03. O MILLADOIRO**

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do día 9 de abril de dous mil dezaioito réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto da obra arranxo urbanización do PM5-03. O Milladoiro.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 9 de febreiro de 2018, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excm. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, que ofertou unha baixa do 33,79 %, GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU, que ofertou unha baixa do 33,14 %, e SYR-AMG SLU, que ofertou unha baixa do 33,53 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

**ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU e SYR-AMG SLU concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.





Con data 15 de febreiro de 2018 remitiuselle escrito de requirimento ás tres empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as tres empresas requiridas segundo consta no rexistro xeral de entrada do Concello de Ames. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas tres empresas que si presentaron en prazo documentación para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta municipal, Marta Bellas Rodríguez, emitiu informe, con data 26 de marzo de 2018, que transcrito literalmente dí:

**“INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE ARRANXO DE URBANIZACIÓN DO PM5-03 NO MILLADOIRO.**

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 349.895,70€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 271.297,92€, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 252.423,69€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 235.587,03€

Das ofertas presentadas, tres atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL: 231.665,93€ [33,79% baixa]  
SYR-AMG SLU: 232.575,58€ [33,53% baixa]  
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU: 233.940,15€ [33,14% baixa]

As empresas presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

**INFORME:**

**PRIMEIRO.-** A empresa **CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL** ten presentado unha exhaustiva documentación, que consta dos seguintes apartados:

Xustificación da oferta:

- Obxecto, estudo económico e xustificación de prezos a pe de obra

O licitador expón os criterios que se seguiron para elaborar a oferta presentada. Parte do deseño dos equipos tendo en conta as características concretas do persoal, os materiais e a maquinaria necesarios para cada unha delas.

Canto á man de obra, indícase que todo o persoal que tomará parte dos traballos é “propio”, e determínase o custo da man de obra a partir dos salarios mínimos do Convenio da Construción, aos que se suman as porcentaxes de pagas extras, vacacións, e Seguridade Social. Canto aos materiais, indícase que a empresa posúe canteiras e planta asfáltica propia, o que redunda nun abaratamento dos custos. Para outros materiais e maquinaria, como a emulsión asfáltica, gravas e zahorras, formigóns, etc, achega ofertas de provedores (Guntin, Repsol, Esycsa, Prebetong hormigones, Sumiagua)

Todo o persoal que tomará parte dos traballos é propio, sinalando o custo/hora de cada un deles. A empresa conta con canteiras e plantas asfálticas propias, así como con maquinaria variada que xa ten amortizada. Neste apartado



indícase o custo de diverso material a empregar en obra (area, grava, gravilla), así como o custo da maquinaria.

- Orzamento ofertado

Este apartado está composto por un estudo orzamento a nivel de partidas, e un resumo final no que se inclúen os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE.

- Prezos descompostos

Incorpóranse ao documento xustificativo os prezos descompostos de todas as partidas do proxecto, con asignación dos prezos unitarios determinados nos documentos anteriores.

- Listado de persoal, maquinaria e materiais

Programa de traballos

Achégase un diagrama de GANTT esquemático, cun prazo de 9 meses.

Volume de obra contratado

A empresa presenta unha relación de obras públicas en curso ou pendentes de comezo a data de febreiro de 2018.

Relación entre costes laborais fixos e volume de obra contratado

Incorpora declaración responsable relativa a capacidade de execución das obras en relación co persoal e a evolución das obras públicas en curso ou pendentes de comezo a data de febreiro de 2018 e incorpora listado das nóminas do persoal fixo.

Relación de maquinaria e medios auxiliares propiedade da empresa

O licitador achega un listado de maquinaria de obra propiedade da empresa que poría a disposición da obra. Trátase, en xeral, de maquinaria adecuada ás características da obra obxecto de licitación.

Certificados e información gráfica

O licitador achega certificados de conformidade de control CE.

**Avaliación da documentación aportada:**

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que, no seu conxunto, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL xustifica adecuadamente a oferta económica presentada, polo que se informa de xeito favorable.

SEGUNDO.- A empresa SYR-AMG SLU presenta un escrito nos termos seguintes:

- Gastos Gerais.

O licitador di ter uns gastos xerais baixos, por tratarse dunha empresa pequena e familiar, sen precisar mais.

- Beneficio Industrial

O licitador afirma que pondera e prevé un beneficio industrial mínimo, por tratarse dunha empresa xoven que ten como obxectivo a captación de mercado.

- Persoal

O licitador expón que dispón de persoal cualificado e experimentado, sen aportar nin asignar plantilla.

- Maquinaria

O licitador di que dispón dun parque de maquinaria amortizada importante, sen precisar cal.

- Rendementos

O licitador afirma obter mellores rendementos dos considerados en proxecto sen indicar mais.

Asemade, sulíña que a súa oferta atópase preto do límite da baixa temeraria polas ofertas económicas presentadas.

**Avaliación da documentación aportada:**

A xustificación da oferta é un escrito escueto e xenérico sen documentación engadida que poida ratificar o exposto.

Examinado o escrito presentado pola empresa licitadora SYR-AMG SLU para xustificar a oferta económica realizada, considérase que non a xustifica adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable.

TERCEIRO- GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU presenta documentación, que consta dos seguintes apartados:



Memoria

- Materiais

O licitador di prever prezos de materiais inferiores aos de proxecto e calcula un PEM máis baixo.

- Rendementos

O licitador afirma obter mellores rendementos dos considerados en proxecto sen indicar máis.

- Gastos Gerais

O licitador di ter uns gastos xerais en torno a un 4%

- Beneficio Industrial

O licitador prevé un beneficio industrial mínimo dun 2%

Volume de obra contratado

A empresa cita someramente dúas obras públicas en curso, sen importes.

Relación entre solvencia da empresa e oferta presentada.

O licitador especifica os prezos de seis materiais.

Solvencia técnica

O licitador achega compromiso de medios e persoal nominativo a disposición da obra; xefe de obra e encargado cos seus curriculum.

Relación de maquinaria e medios auxiliares propiedade da empresa

O licitador achega un listado de maquinaria de obra propiedade da empresa que poría a disposición da obra.

Este apartado está sen asinar.

Listado de obras executadas.

O licitador aporta un listado de obra executada, tamén sen asinar.

Solvencia económica-financieira

O licitador achega o volume anual de negocio dende o ano 2.010 ao 2.016

**Avaliación da documentación aportada:**

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que, no seu conxunto, GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU non xustifica adecuadamente a oferta económica presentada, polo que se informa de xeito desfavorable.

**CONCLUSIÓNS:**

No seu conxunto, **CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL xustifica adecuadamente a oferta económica presentada, polo que se informa de xeito favorable.**

O escrito presentado pola empresa licitadora SYR-AMG SLU para xustificar a oferta económica realizada, considérase que ten un contido insuficiente, polo que se informa de xeito desfavorable.

No seu conxunto, GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU non xustifica suficientemente a oferta económica presentada, polo que se informa de xeito desfavorable".

A vista do resultado do informe, emitido por Marta Bellas Rodríguez, procede a exclusión, das empresas SYR-AMG SLU e GR Construcciones Obras y Servicios SLU, do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria. Sen embargo, á vista do resultado do informe emitido por Marta Bellas Rodríguez, procede a continuación no procedemento de Construcciones Ponciano Nieto SL por considerarse, á vista da documentación aportada, que non ten carácter desproporcionado a súa oferta económica.


A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

**Tipo de licitación con IVE: 349.895,70.- Euros**

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
1	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO SL	276.311,97	27,16
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL	331.939,03	7,38
3	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	248.176,00	36,02
4	2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	314.600,00	13,55
5	CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA SL	311.372,18	14,70
6	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	233.835,30	40,35
7	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	231.665,93	41,00
8	DESMACO SLU	284.520,00	24,25
9	OVIGA SL	296.420,00	20,01
10	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI)	277.618,56	26,70
12	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	276.032,72	27,26
13	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL-EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	237.334,25	39,29
14	COVIASSTEC SL	256.443,17	33,52
15	COPCISA SA	252.029,87	34,85
16	HORDESCON SL	320.784,38	11,35
18	EXCAVACIONES MIDÓN SL	297.410,74	19,66
19	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	237.299,26	39,30
20	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	245.626,78	36,79
21	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	290.798,32	22,01
22	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	244.367,47	37,17

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
7	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	231.665,93	41,00
6	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	233.835,30	40,35
19	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	237.299,26	39,30
13	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL-EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, SL	237.334,25	39,29
22	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	244.367,47	37,17
20	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	245.626,78	36,79
3	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	248.176,00	36,02
15	COPCISA SA	252.029,87	34,85
14	COVIASSTEC SL	256.443,17	33,52



12	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	276.032,72	27,26
1	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO SL	276.311,97	27,16
10	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI)	277.618,56	26,70
8	DESMACO SLU	284.520,00	24,25
21	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	290.798,32	22,01
9	OVIGA SL	296.420,00	20,01
18	EXCAVACIONES MIDÓN SL	297.410,74	19,66
5	CONSTRUCCIONES Y VIALES KUPULA SL	311.372,18	14,70
4	2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	314.600,00	13,55
16	HORDESCON SL	320.784,38	11,35
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL	331.939,03	7,38

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

**1º.-** Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas SYR-AMG SLU e GR Construcciones, Obras y Servicios SLU por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

**2º.-** Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de arranxo urbanización do PM5-03. O Milladoiro á empresa **Construcciones Ponciano Nieto SL** con CIF B-15293145 no prezo de cento noventa e un mil catrocentos cincuenta e nove euros e corenta e cinco céntimos **(191.459,45.- €)**, máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de corenta mil douscentos seis euros e corenta e oito céntimos **(40.206,48.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

